

## Unidade 12. Presenta un espectáculo

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_ Data: \_\_\_\_\_

### Coñecemento da lingua

1 Completa as seguintes oracións con preposicións.

- Chegou esta carta \_\_\_\_\_ vostede.
- A túa axenda quedou \_\_\_\_\_ a mesa.
- O xoves Xurxo ten que declarar \_\_\_\_\_ o xuíz
- \_\_\_\_\_ que non te vexo estás moito máis guapa.
- Dubido \_\_\_\_\_ a opción A ou a B.
- Colle todos os libros \_\_\_\_\_ ou \_\_\_\_\_ cor amarela

2. Completa as seguintes oracións con conxuncións.

- É un neno moi traballador \_\_\_\_\_ e intelixente.
- \_\_\_\_\_ ves agora mesmo ou marchou.
- \_\_\_\_\_ fixo unha cousa \_\_\_\_\_ a outra.
- Non viñeches para axudar \_\_\_\_\_ para molestar.
- Roi non estuda moito; \_\_\_\_\_ saca boas notas.
- Non te chamei \_\_\_\_\_ porque estabas moi ocupado.

3 Escribe ti oracións con preposicións e con conxuncións.

- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_

**4** Rodea as interxeccións.

- Ai, perdón! Equivoqueime!
- Boh! Non me amoles, iso é mentira.
- Ahá! Pilleite pillabán!
- Xo! Vai Parando!
- Uf! Estou moi canso de correr hoxe.
- Oh! Que mágoa que non veñas.

## Unidade 12. Presenta un espectáculo

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### Coñecemento da lingua

1 Le o texto e busca unha oración na que os dous puntos se usen para o que se indica despois.

Francisca só quería cantar. Esa era a súa única paixón. Cantaba pola mañá, ao mediodía, pola tarde... O peor non era que cantase tanto, era que cantaba moi mal. Tan mal que, cando a escoitaban, ás galiñas lles ían as ganas de poñer ovos. E se logo o facían, non os puñan no seu tempo. O seu home, Giuliano, pensaba: «Cago no... algo hai que facer mais que...?».

Tras moito meditalo decidiu buscarlle un mestre de canto. Dito e feito, colleu o seu bastán, puxo o sombreiroe saíu á rúa na busca de quen o axudase (...). Na praza Maior atopou ao seu curmán Pietro. Este, preguntoulle a onde ía.

-Vou buscar un profesor de canto para Francesca. Cando canta as galiñas...



- Deixar unha enumeración interrompida. \_\_\_\_\_
- Indicar que falta parte do texto. \_\_\_\_\_

- Indicar interrupción dunha frase do diálogo. \_\_\_\_\_
- Cortar unha expresión malsoante. \_\_\_\_\_

**2** Marca os dous puntos das seguintes oracións e di para que se empregan.

- Adela abriu a caixa e dixo: «Que sorpresa!» → \_\_\_\_\_
- Na sala de exposicións hai: amuletos, figuras típicas, vaixelas... →  
\_\_\_\_\_
- Pedro xoga ao baoncesto: O normal nun rapaz tan alto. →  
\_\_\_\_\_

**3** Escribe o ditado.

---

---

---

---

---

---

---

## Unidade 12. Presenta un espectáculo

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### LITERATURA

1 Le o texto seguinte..

*(Aparece en escena o Xograr Reinaldos dacabalo de Sinforoso).*

CABALO SINFOROSO *(con voz de cabalo canso, entre rinchos)*:  
Aínda falta moito para chegar, señor?

XOGRAR REINALDOS: Xa non pode faltar moito, Sinforoso.

CABALO SINFOROSO: Mirade que vou canso de andar e de cargar con vós, señor. A ver se mirades de alixeirar a mantenza...

XOGRAR REINALDOS: Non te queixes. Eu sempre fun cabaleiro de peso lixeiro e corpo gallardo.

CABALO SINFOROSO *(arfando)*: Tamén eu vos fun poldro feituqueiro na corte da miña nai. E ben vedes no que vin dar...

XOGRAR REINALDOS: Dun tempo para aquí, a miña alma morre de coita, meu benquerido Sinforoso.

CABALO SINFOROSO *(cara ao público)*: Non hai cousa que máis me amola que, despois disto, me chame querido. Enriba de burro apaleado...

Xose A. NEIRA CRUZ

*A noite de raíña Berenguela*

## 2. Contesta.

- Cantas escenas hai no texto que liches?

---

---

- Quen son os protagonistas desta escena?

---

- Escribe as anotacións que aparecen.

---

---

- Que información nos transmiten?

---

---